

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

1. Define os seguintes conceptos (extensión recomendada ata 3-4 liñas por concepto) (2 puntos, 0'50 por concepto)

-Antigo Réxime, caciquismo, Desastre de Annual, Brigadas Internacionais.

2. Explica a seguinte cuestión (extensión recomendada unha cara de folio - 25/30 liñas) (3 puntos):

Escolle e responde só unha destas dúas opcións:

- a) Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
- b) A reforma agraria da II República.

3. Composición histórica (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España no século XIX. Tendo en conta os documentos e a súa contextualización, debes atender cando menos ás razóns das reivindicacións obreiras, á evolución das formas de organización dos traballadores desde as sociedades de socorros mutuos ata as organizacións de clase, ós poderes ós que tiveron que facer fronte e ós efectos das súas loitas.

Doc. 1. En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición ás Cortes:

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara á súa ruína. Os salarios minguan... As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: o dereito de ASOCIARNOS... Hoxe concédesenos só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres...”

Doc. 2. Mensaxe enviado polas asociacións obreiras de Cataluña ó Terceiro Congreso da Asociación Internacional de Traballadores de Bruselas (1868)

“Encadeadas despois de longo tempo por un poder despótico, as sociedades obreiras de España envían un saúdo cordial ós seus irmáns do resto de Europa. O momento presente non é moi favorable ás asociacións. Non obstante,... en Cataluña e en Andalucía as asociacións obreiras desenvólvense pouco a pouco... Os obreiros españois están dispostos a loitar cos seus irmáns contra esa formidable asociación do Exército, do Trono e do Altar, para establecer ao fin, sobre bases sólidas, a paz, a xustiza e o traballo”.

Doc. 3. Lei de accidentes de traballo publicada na *Gaceta de Madrid* o mércores 31 de xaneiro de 1900.

“A tódolos que a presente viran e entenderan, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte:

Artigo 1º. Para os efectos da presente lei, enténdese por accidente toda lesión corporal que o operario sufra con ocasión e a consecuencia do traballo que executa por conta allea.

Art. 2º. O patrón é responsable dos accidentes ocorridos aos seus operarios con motivo e no exercicio da súa profesión ou traballo que realicen.

Art. 4º. Os obreiros terán dereito a indemnización polos accidentes indicados no artigo 2º, que produzan unha incapacidade de traballo absoluta ou parcial, temporal ou perpetua.

Art. 5º. Se o accidente producise a morte do obreiro, o patrón queda obrigado a sufragar os gastos de enterro, non excedendo estes de 100 pesetas, e ademais a indemnizar á viúva, descendentes lexítimos menores de dez e seis anos e ascendentes”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

1. Define os seguintes conceptos (extensión recomendada ata 3-4 liñas por concepto) (2 puntos, 0'50 por concepto)

-Catastro de Ensenada, desamortización, Semana Tráxica, Plataxunta.

2. Explica a seguinte cuestión (extensión recomendada unha cara de folio - 25/30 liñas) (3 puntos):

Escolle e responde só unha destas dúas opcións:

- a) Os medios de difusión das ideas ilustradas en España.
- b) A cuestión nacional no século XIX.

3. Composición histórica (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a situación da muller na ditadura franquista. Tendo en conta os documentos e a súa contextualización, debes atender cando menos ó modelo de muller creado polo réxime, ós poderes que o promoveron, e ós instrumentos utilizados cara á súa implantación.

Doc. 1. Artigo dirixido ás mulleres no Boletín Oficial do Obispado de Pamplona (1956):

"Preparar un nacemento feliz ao neno que leva en si, é aí, amadas fillas, o obxecto da vosa profesión, o secreto da súa grandeza e da súa beleza.

É unha das esixencias fundamentais da recta orde moral, que ó uso dos dereitos conxugais corresponde a sincera aceptación interna do oficio e do deber da maternidade. Con esta ambición camiña a muller pola vía establecida polo Creador cara ó fin que Él asignou á súa criatura, facéndoa, co exercicio daquela función, participante da súa bondade, da súa sabedoría e da súa omnipotencia."

Doc. 2. Código Civil (1958):

Artigo 57. O marido ten que protexer a muller e esta tenlle que obedecer ao marido.

Artigo 58. A muller está obrigada a seguir o marido onde este fixe a súa residencia.

Artigo 59. O marido é o administrador único dos bens da sociedade conxugal.

Doc. 3. Fragmento dun texto publicado na revista *Teresa. Revista para Todas las Mujeres*, publicada pola *Sección Femenina* (marzo de 1961):

"Unha muller que teña que atender as faenas domésticas con toda regularidade, ten ocasión de facer tanta ximnasia como non o fará nunca, verdadeiramente, se traballase fora da súa casa. Soamente a limpeza e abrillantado dos pavimentos constitúe un exemplo eficazísimo, e se se pensa nos movementos que son necesarios para quitar o po dos sitios altos, limpar os cristais, sacudir os traxes, decatarse de que se realizan tantos movementos de cultura física que, aínda cando non teñen como finalidade a estética do corpo, son igualmente eficazísimos precisamente para este fin".